

I Xornada de boas prácticas con Software Libre nas ONG's e Entidades de Acción Social

#softLibreONG



RELATORES

Rafael Rodríguez Gayoso

Enxeñeiro Informático e voluntario de Melisa. Ostenta o cargo de presidente do colectivo afincado en Melide. Desde o ano 2008 desenvolve diferentes actividades voluntarias na difusión e promoción do software libre.

Emilio José Padrón González

Membro do Grupo de Programadores e Usuarios de Linux (GPUL) e profesor e investigador do Grupo de Arquitectura de Computadores da Facultade de Informática da Coruña.

Ana Vázquez Fernández

Voluntaria da ONGD Enxeñería Sen Fronteiras Galicia e actual responsable da Área de Administración da Coordinadora Galega de ONGD.

Isabel Lema Blanco

Socia de CUAC FM e investigadora na Universidade da Coruña. Ten estudado o rol dos medios de comunicación como educadores sociais e a responsabilidade social dos medios ante a cidadanía. Foi Presidenta de CUAC FM (radio comunitaria de A Coruña) e actualmente forma parte do Consello de Coordinación de CUAC FM.

José María Casanova Crespo

Socio de CUAC FM, enxeñeiro en informática e activista na difusión do Software Libre. Participa en Spoiler CUAC FM. Colabora na coordinadora de Tecnoloxía da emisora impulsando a migración a sistemas GNU/Linux e ferramentas de Software Libre.

Antón Amado Pousa

Socio de iCarto e responsable da área de Cooperación ao Desenvolvemento da empresa. Vinculado á universidade a través do laboratorio de enxeñaría cartográfica (CartoLab) colabora na realización de proxectos relacionados cos SIG.

Iván Lago Castro

Estudante en PFC de Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas. Desde o 2007 colabora como voluntario en Enxeñería Sen Fronteiras Galicia. Realizou prácticas na propia ESF, implementando un xestor de base social de código aberto e baseado en servizos web (CiviCRM), así como un sistema de almacenamento de ficheiros na nube (OwnCloud).

Manuel L. Pan

Director de Abertal, empresa socia de AGASOL e desenvolvedora do Portal VoluntariadoGalego.org. Na actualidade Manuel L. Pan tamén é CEO de Phottic, unha plataforma global de fotografía histórica onde as comunidades locais reviven o seu pasado; ademais, é membro do Comité de Dirección do Cluster TIC Galicia.

PROGRAMA

16:30 *Recepción de asistentes*

16:45 **Inauguración da xornada**

Representantes da Amtega

17:00 **Experiencias de migración a Software Libre nas organizacións**

Rafael Rodríguez Gayoso (MELISA): O software libre nos centros penitenciarios de Galicia
Emilio José Padrón González (GPUL) & Ana Vázquez Fernández (Coordinadora Galega de ONGDs): Experiencia de colaboración no terceiro sector para a migración a Software Libre
Isabel Lema Blanco & José María Casanova Crespo (CUAC FM): Software libre nunha Radio Comunitaria: o caso de CUAC FM

18:30 **Pausa - Café**

18:50 **Ferramentas de Software Libre para mellorar a xestión das entidades locais**

Antón Amado Pousa (ICARTO): Tecnoloxías de Información Xeográfica e Software Libre na Cooperación para o Desenvolvemento
Iván Lago Castro (Enxeñería Sen Fronteiras): CiviCRM: Xestión de socias e voluntarias en ESF empregando software libre

19:50 *Manuel L. Pan (ABERTAL): Voluntariadogalego.org: Unha xanela para o sector*

20:20 **Peche e despedida**

Inscripción Gratuíta

cdtic.xunta.es

22 de outubro de 2015

16:30 h. / 20:30 h.

Salón nº 2 Edificio CINC

Cidade da Cultura. Monte Gaiás, s/n.

Santiago de Compostela